

### **Situacións nas que se mantén a obrigatoriedade do uso da máscara**

Tras a publicación do Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, as persoas maiores de seis anos **quedan obrigadas ao uso de máscaras no transporte público, incluíndose dentro deste, o transporte escolar.**

### **Situacións nas que se recomenda manter o uso da máscara**

Resulta recomendable, con carácter voluntario, **o uso da máscara no interior dos centros educativos tanto por parte do alumnado coma dos/as traballadores/as do centro.**

### **Casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos no ámbito educativo**

**Recoméndase** –especialmente **para casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos-** **o uso de forma constante da máscara** e evitar actividades que impliquen quitala sen manter a distancia de seguridade de 1,5 metros con outras persoas (Ex. comer ou beber en presenza de outros).

O uso da máscara nestas situacións debe ir acompañado doutras medidas de prevención, como evitar o contacto con persoas de grupos vulnerables e reducir as interaccións con outras persoas.

Estas recomendacións deben aplicarse durante 10 días desde o inicio dos síntomas ou desde o diagnóstico (no caso de persoas asintomáticas).

En calquera caso, lembramos a recomendación xeral de non asistir ao centro educativo se a sintomatoloxía inclúe cadros febrís.